

## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

### AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

#### CURSO ESCOLAR 2022/23

#### NORMA

ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obligatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/2023 (código de procedemento ED330B) (*Diario Oficial de Galicia do 18 de maio de 2022*).

#### DESTINATARIOS

##### Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.  
En 3º e 5º de EP e 1º e 3º da ESO permitirse a substitución dos libros de texto para a adaptación aos currículos que establece a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de modificación da Lei orgánica de educación (LOMLOE).  
En 4º e 6º de EP e 2º e 4º da ESO manteranse os libros de texto do curso 2021/2022.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade  $\geq 65\%$ ) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE–), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en EP, ESO e EE.
- O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no **proyecto educación dixital (EDIXGAL)** no curso 2022/23 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúnan os requisitos establecidos na orde.

## PRINCIPAIS NOVIDADES DA CONVOCATORIA

As novedades más salientes desta convocatoria son:

- No curso 2022/2023 en 3º e 5º de EP e 1º e 3º da ESO permitirase a substitución dos libros de texto para a adaptación aos currículos que establece a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de modificación da Lei orgánica de educación (LOMLOE). En 4º e 6º de EP e 2º e 4º da ESO manteranse os libros de texto do curso 2021/2022 xa que a adaptación dos currículos no da LOMLOE farase efectiva no curso 2023/24.
- Todas as actuacións derivadas desta orde ateranse á normativa e aos protocolos da COVID-19.
- A xustificación complementaria da adquisición dos libros de texto (anexo VII), unha vez selado e asinado manualmente ou asinado dixitalmente pola dirección do centro, deberá presentarse obligatoriamente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, utilizando o procedemento PR004A e será dirixido á Dirección Xeral e Centros e Recursos Humanos, indicando no asunto “*Anexo VII. Xustificación da adquisición de libros de texto complementarios*”.
- Teráse en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentencia de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.
- Os centros concertados deberán presentar o anexo V (Aceptación da participación como entidade colaboradora no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar), empregando o procedemento ED330G.

### Forma de presentación.

Ademais da presentación presencial no centro, igual que no curso anterior, os cidadáns poderán realizar a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros, e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentarán no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación). **O centro deberá acceder ao menú “Solicitudes”, submenú “Xestión de solicitudes” e premer no botón “Rexistrar solicitude xerada en fondolibros” e introducir o número que figura na parte superior dereita da solicitude, así como a data de presentación no centro. Deste xeito accédese a solicitude para validala.**
- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Neste suposto o centro recibirá un aviso no seu correo electrónico que lle informará de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

En ambos casos o centro deberá comprobar e completar os datos da solicitude e a documentación presentada e, de ser o caso, proceder á súa validación para continuar coa tramitación.

## **Anexo II – Autorización dos membros da unidade familiar, agás o solicitante.**

As autorizacións dos membros da unidade familiar distintos do solicitante figuran no anexo II, que aparece xunto coa última páxina da solicitude, no caso da presentación presencial, e como un documento anexo adicional no caso das solicitudes presentadas pola Sede Electrónica.

## **Alumnado con necesidade específicas de apoio educativo.**

Ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine en cada caso, polos importes establecidos no artigo 2.2.d) da convocatoria.

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.


Para que a aplicación permita a xeración do vale, é preciso que se marque que ten necesidades específicas de apoio educativo e que non emprega libros do curso que lle corresponde.

Datos do alumnado (indique os datos do alumnado para o que solicita neste centro participación no fondo ou axudas)											
DNI/NIE	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	Data nacemento	Código Xade	Estudos curso	Discapac. igual ou superior	Necesidades específicas apoio educ.	Utiliza libros do curso	Tutela/garda Xunta	
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	<input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	<input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	<input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	

Se o alumno empregase a maioría dos libros do curso que lle corresponde e só tivera necesidades nalgúnha área tería libros de fondolibros e non un vale.

## GRÁFICO RESUMO DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS EN FONDOLIBROS

CIDADÁNS



## APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN: FONDOLIBROS

		FONDOLIBROS
Enderezo de acceso á aplicación informática		<a href="https://www.edu.xunta.gal/fondolibros">https://www.edu.xunta.gal/fondolibros</a>
Cidadáns	Posibilidade de acceso dos cidadáns para <u>elaborar a solicitude</u> . Posibilidade de presentación na <u>sede ou no centro</u> .	Calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica Integración coa sede electrónica
Centros	<p>SOLICITUDE PRESENTADA NA SEDE ELECTRÓNICA (con número asignado): Recuperación da información e dos documentos introducidos polo cidadán. Debe comprobase a documentación e completarse a información necesaria na aplicación.</p> <p>SOLICITUDE XERADA EN FONDOLIBROS (con número asignado): Rexistro e comprobación da documentación. Debe completarse a información necesaria na aplicación.</p> <p>SOLICITUDE MANUAL (sen número asignado): Rexistro, comprobación da documentación e gravación polo centro.</p>	Envíanse avisos á conta de correo do centro  Integración coa información de XADE 3º, 4º, 5º e 6º de EP 1º, 2º, 3º e 4º da ESO
	Recollida e gravación dos libros devoltoos do curso 2021/2022.	
	Comprobación de que as solicitudes estean correctamente cubertas e que se presentou a documentación preceptiva.	Premer a opción “Validar”
	Comprobación da renda por medios telemáticos.	Esixe <u>autorización previa</u> do solicitante e dos membros da unidade familiar
	Admisión/exclusión de solicitudes.	Despois de comprobar a renda per cápita
	Emenda de errores de solicitudes de axudas de libros e de material escolar e das peticóns de participación no Fondo Solidario.	
	Xeración de listaxes provisionais e definitivas de reparto de libros do Fondo Solidario e publicación no taboleiro de anuncios no interior do edificio escolar.	
	Gravación da entrega dos libros do Fondo Solidario (3º, 4º, 5º, e 6º de EP e ESO).	Permite xerar documento de entrega
	Gravación das adquisicións de libros (3º, 4º, 5º, e 6º de EP e ESO).	Deben gravarse os libros entregados a cada alumno
	Xustificación das adquisicións de libros (3º, 4º, 5º, e 6º de EP e ESO).	Debe remitirse o anexo asinado e selado á DX de Centros e RR.HH. A través da Sede Electrónica.
	Xeración e entrega de vales para libros de texto e material escolar	

## RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar			Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	≤ 6.000€	En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	210€	140€		210€		275€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros <sup>(1)</sup>	Fondo: 4 libros <sup>(1)</sup>	50€	Fondo: 6 libros <sup>(1)</sup>	50€	Fondo: 6 libros <sup>(1)</sup> ou: 275 € <sup>(2)</sup>	50 €	275 €	50 €
Alumnado con NEAE – EP <sup>(3)</sup>	210€	140€		210€					
Alumnado con NEAE – ESO <sup>(3)</sup>	240€	160€		240€					

<sup>(1)</sup> O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.

<sup>(2)</sup> O alumnado cunha discapacidade ≥ 65 % matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).

<sup>(3)</sup> O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expedíralle un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.

## RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do ejercicio fiscal **2020** dividido entre o número de membros computables.

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base imponible xeral (recadro **435**) e a base imponible do aforro (recadro **460**); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- As persoas que non residiran en España no ano 2020 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.
- Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor, sempre que forme parte da unidade familiar, para determinar a renda per cápita.

Membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor (sempre que formase parte da unidade familiar) nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentencia de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.

## PRAZOS ESTABLECIDOS POLA CONVOCATORIA

	CENTROS	CIDADÁNS	LIBRARÍAS
Alta de centros privados concertados como entidade colaboradora. Envío do anexo V (por Sede Electrónica)	Ata o 22.06.2022	-	-
Presentación de solicitudes do alumnado de EP, ESO e EE no centro escolar ou mediante a sede electrónica	-	Ata o 22.06.2022	-
Presentación de solicitudes do alumnado que repita 4º ESO ou que non obteña praza en FP Básica e que non solicitara no prazo anterior	-	Un mes desde a matrícula	-
Presentación de solicitudes do alumnado trasladado desde centros de fóra de Galicia ou privados non concertados	-	Un mes desde a matrícula Ata o 31.03.2023	-
Devolución dos libros do curso 2021/2022	-	Ata o 22.06.2022	-
Gravación dos libros devoltos	Ata o 01.07.2022	-	-
<b>Fondo solidario de libros de texto</b>			
Gravación de solicitudes e emendas (*)	Ata o 06.07.2022	-	-
Publicación de listaxes provisionais (**)	Ata o 11.07.2022	-	-
Reclamación ás listaxes provisionais	-	2 días seguintes á publicación	-
Gravación do resultado das reclamacións	Ata o 18.07.2022	-	-
Publicación das listaxes definitivas	Ata o 22.07.2022	-	-
Xustificación da adquisición de libros complementarios	Ata o 31.10.2022	-	-
Xustificación complementaria de novas incorporacións	Ata o 19.04.2023	-	-
Entrega dos libros ao alumnado	O día da publicación da listaxe definitiva ou o seguinte. Poderá pospoñerse ata o inicio do curso	-	-
<b>Axudas para libros de texto e axudas para material escolar</b>			
Emenda de errores detectados nos vales		10 días desde que recibe o vale	-
Uso dos vales nas librarías e demais establecementos		Ata o 09.04.2023	-
Presentación de talóns de cargo (1º prazo)			Ata o 12.12.2022
Presentación de talóns de cargo (2º prazo)			Do 02.01.2023 ata o 19.04.2023

(\*) As datas indicadas son as establecidas para realizar os actos de xestión cando o centro non fixara os seus propios prazos. Se o centro establecería outros prazos debe publicalos no taboleiro, de xeito que quede garantido que os representantes legais do alumnado os coñecen con antelación.

(\*\*) Resulta imprescindible que as existencias resultado da devolución dos libros estean correctamente mecanizadas polo centro e actualizadas en Fondolibros.

## DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- ANEXO I debidamente cuberto.

- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

### Para o alumnado de EP e ESO

a) Anexo II para a comprobación dos membros computables da unidade familiar.

- Para os seguintes documentos si a persoa solicitante e/ou os membros computables **se oponen a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- DNI ou NIE
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)

- Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2020 será necesario o consentimento expreso. No caso de non autorizar a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.

b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante careza de DNI ou NIE, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- c) Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) **Violencia de xénero (sempre que o agresor forme parte da unidade familiar)**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamiento integral da violencia de xénero.
- e) Resolución xudicial de **incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.
- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE**.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2020, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

#### ALUMNADO CON DISCAPACIDADE ≥ 65% QUE NON EMPREGUE LIBROS

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, matriculado 3º, 4º, 5º e 6º de EP ou 1º, 2º 3º e 4º da ESO, incluído aquel que participa no proxecto E-DIXGAL, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar con independencia do nivel de renda:

Discapacidade ≥ 65% que non empregue os libros de texto do fondo ou o material dixital (E-DIXGAL)	
Libros	Material
275 €	50 €

#### ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º, 2º 3º e 4º da ESO, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar, en función do nivel de renda (agás o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia para o que non se terá en conta o nivel de renda):

Alumando con NEAE que non empregue os libros de texto do fondo ou o material dixital (E-DIXGAL)					
Cursos	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000 €	≤6.000€	En garda/tutela Xunta	
	Libros	Libros	Material	Libros	Material
3º, 4º, 5º e 6º EP	210€	140€		210€	50€
1º, 2º, 3º e 4º ESO	240€	160€	50€	240€	50€

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.